CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ANUNCIO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A DE INTERVENCIÓN, MEDIANTE PROMOCIÓN INTERNA E POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2025 SEGUNDO AS BASES PUBLICADAS NO BOP NÚM. 143, DO 30 DE XULLO

Na sesión celebrada o día 2 de novembro de 2026, o tribunal do proceso selectivo para a a cobertura dunha praza de administrativo/a de intervención, mediante promoción interna e polo sistema de concurso-oposición, como persoal funcionario de carreira, correspondente á oferta de emprego público do ano 2025, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro. O Tribunal toma coñecemento do informe emitido polo Rexistro Xeral do Concello de Muros no que se fai constar que, transcorrido o prazo de cinco (5) días hábiles concedido para formular reclamacións ou alegacións contra a Acta núm. 2, publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello o día 21 de outubro de 2026, non consta presentada ningunha reclamación nin alegación.

En consecuencia, elévase a definitiva a valoración provisional efectuada na Acta núm. 2.

Segundo. A puntuación definitiva obtida polo aspirante é a seguinte:

Aspirante	**Dni**	**Fase Oposición**	**Fase Concurso**	**Total**
Eva María Tajes Pérez	**7921***	56,00 puntos	35,00 puntos	91 Puntos

Terceiro. De conformidade co establecido nas bases da convocatoria, o Tribunal acorda propoñer o nomeamento de Da. Eva María Tajes Pérez, con DNI **7921***, como funcionaria de carreira na praza de Administrativa de Intervención, Grupo C, Subgrupo C1, por ser a aspirante que obtivo a maior puntuación no proceso selectivo**.**

Cuarto. O Tribunal acorda publicar a presente acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros e elevar a proposta á Alcaldía para a continuación da tramitación do expediente.

Quinto. Faise constar, para os efectos previstos na base 11 da convocatoria, que a aspirante proposta para o nomeamento deberá presentar a documentación prevista na citada base, no prazo e nas condicións establecidas.

En Muros, 2 de novembro de 2023
O presidente
Asdo.: José Manuel Mayo Priegue

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 2MMhPexp5Pn+ekNHQ//Q Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/